


número especial contra o traballo asalariado

Abordaxe

Boletín informativo anarquista
nº8 · Maio 2016 · Galiza · mensual

Voces de liberdade... anuncian a insurreción!

A policía dispara sobre os folguistas do 1 de Maio. 4 anarquistas executados

Texto extraído de ***Por que @?, publicación anarquista****, maio 2014, Burgos*

Mentres centenares de miles de obreiros fan folga, a prensa fala de *«delirio de lunáticos», «antipatriotas»*, e ameaza con que *«os traballadores van esixir todo o que poidan suxerir os máis tolos anarquistas»*. A policía mata a 6 persoas disparando a a cañon sobre a multitude.

Tras arrincar proxectos de lei que prometen mellorar as condicións de traballo, vendo que os mesmos son letra morta, vendo que só a acción directa pode lograr a redución da xornada a 8 horas, que o demais son promesas que nunca se cumprirán, que a explotación seguirá coa crueldade coñecida, convocouse folga xeral o 1º de maio.

«O principio fundamental da anarquía é a abolición do salario e a substitución do actual sistema industrial e autoritario por un sistema de libre cooperación universal, o único que pode resolver o conflito que se prepara. A sociedade actual só vive por medio da represión, e nós aconsellamos unha revolución social dos traballadores contra este sistema de forza. Se vou ser aforcado polas miñas ideas anarquistas, está ben: mátenme.» ***Albert Parsons***

O paro foi total. Á actividade da prensa anarquista, en especial do *«Chicagoer Arbeiter Zeitung»*, débese, en gran parte, a ambientación e xeneralización do movemento. As manifestacións do sábado pasado evidenciaron o grao de adhesión á folga, dada a súa magnitude. O seu director afirma: *«A prensa encheu aos traballadores de cualificativos insultantes. Pero os feitos apresuráronse. Progresou a axitación e é cada día maior o número dos que piden a redución das horas de traballo. A medida que se precipitan os acontecementos , a linguaxe dos explotadores e os seus secuaces subiu de ton. O que antes tiñan por inxusto, atópano agora criminal e desprovisto de sentido común e patriotismo. Agora pretenden de que todo son manexos de anarquistas criminais, cuxo obxecto é enganar e abusar dos obreiros para facerlles ingresar nas súas filas. Homes do traballo preparádevos! ...Os vosos inimigos botarán man de todos os medios, da fame e da forza»*.

O 1º de maio o paro foi total, unha mobilización de 600 mulleres que traballaban en xastrerías foi vítima da represión policial. O 3 de maio a policía asasinou a 6 obreiros e ferido a decenas tras unha concentración contra os despedimentos e os esquiroles. Esta matanza prodúcese tras a violenta represión da masiva manifestación do día anterior.

«Se eu arroxase a bomba non vacilaría en afirmalo aquí. Certo que morreron algúns homes e foron feridos outros máis. pero así se salvou a vida de centenares de pacíficos cidadáns! Por esa bomba, en lugar de centenares de viúvas e orfos non hai máis que unas cantas viúvas e orfos. Ao dirixirme a este tribunal fágoo como representante dunha clase enfronte dos doutra clase inimiga. O veredicto e a súa execución non son máis que un crime maquiavélicamente combinado e fríamente executado, como tantos outros que rexistra a historia das persecucións políticas e relixiosas. É a anarquía á que se xulga. Eu senténciome porque son anarquista.» ***August Spies***

O día 4, nunha reunión obreira á que concorren máis de 25.000 persoas, cando a xente xa comeza a irse presentouse a policía. 180 axentes ao mando do Inspector xefe avanzaron reprimindo aos traballadores. Unha explosión estalou no interior do grupo policial, resultando morto un deles. A policía abriu fogo contra a multitude matando e ferindo a un número indeterminado de mulleres e homes.


Detiveron a centenares de obreiros, detiveron aos oradores anarquistas. Prohibiron os mitins. Pecharon diarios. Condenaron a 8 anarquistas a matar. Conseguiuse a xornada de 8 horas.

«Eu repito que son inimigo da orde actual e repito tamén que o combaterei con todas as miñas forzas mentres alente. Rides probablemente, porque estades a pensar: xa non arroxaredes máis bombas. Pois permitídeme que vos asegure que morro feliz, porque estou seguro que os centenares de obreiros a quen falei lembrarán as miñas palabras, e cando nos aforquen eles farán estalar a bomba. Desprézovos; desprezo a vosa orde, as vosas leis, a vosa forza, a vosa autoridade. AFORCÁDEME!.» ***Louis Lingg***

«En que consiste o meu crime? En que traballei polo establecemento dunha orde social onde sexa imposible que mentres uns amontoen millóns outros caen na degradación e a miseria. Así como a auga e o aire son libres para todos, así a terra e as invencións dos homes de ciencias deben ser utilizados en beneficio de todos. As vosas leis están en oposición coas da natureza, e mediante elas roubades ás masas o dereito á vida, a liberdade, o benestar. Non nego que eu falase en varios mitins, afirmando que se cada traballador leva unha bomba no peto, pronto sería derrubado o sistema capitalista. Esa é a miña opinión.» ***George Engel***

«Non falarei moito. Soamente teño que protestar contra a pena de morte que me impoñedes, porque non cometín crime algún. Fun tratado aquí como asasino e só se me probou que son anarquista. Pois repito que protesto contra esa bárbara pena, porque non me probastes crime algún. Pero se eu son aforcado por profesar as ideas anarquistas, polo meu amor á liberdade, á igualdade e á fraternidade, entón non teño nada que obxectar. Eu non cometín na miña vida ningún crime. Pero aquí hai un individuo que está en camiño de chegar a ser un criminal e un asasino, e ese individuo é Mr. Grinnell, que comprou testemuñas falsas a fin de poder sentenciarnos a matar. Eu denúncioo aquí publicamente. Se creedes que con este bárbaro veredicto aniquilades aos anarquistas e á anarquía, estades nun erro, porque os anarquistas están dispostos sempre a morrer polos seus principios, e estes son inmortais.» ***Adolph Fischer***

Neste número



1º de maio de 1886 obreiros e anarquistas en Chicago...

*Por **Boti***

Se queremos recuperar para a loita social a memoria de aqueles acontecementos, os e as que viven do privilexio da liturxia político-relixiosa xa non poderán agardar alegres esta data convertida nun ritual de día de descanso. Os pastores obreiros, arlequíns do poder, convertiron esta efeméride na festa do traballo ou día do traballador, falseando o seu significado real.

O 1º de Maio tivo desde a súa orixe un sentido revolucionario, conten o xerme de todo o resentimento do explotado, consciente de que é quén mantén a toda a sociedade e de que non recibe a cambio das clases ociosas máis que o mínimo indispensable para continuar vivindo para traballar.

Antecedentes;

1880. Organízase a Federación dos Traballadores dos Estados Unidos e Canadá, adheríndose á AIT e adoptando o programa da Internacional.

1884. Nunha reunión celebrada en Chicago acórdase declarar o 1º de Maio de 1886 a Folga xeral polas 8 horas. A mediados de maio, arredor da metade dos traballadores conseguiron un triunfo completo. A folga foi un éxito, a clase traballadora impuxo a xornada laboral de 8 horas,

Conquistada ao prezo de morte de compañeiros e compañeiras que loitaban por un mundo mellor.

En **1889** o primeiro congreso da recén creada 2ª Internacional proclamaba o 1º de Maio como o día internacional dos traballadores en homenaxe aos mártires de Chicago.

Chicago 1886

Chicago era nesta época o maior mercado de carne e cereais, un dos centros industriais máis grande e a segunda cidade con máis población dos Estados Unidos, cunha forte implantación de migrantes europeos. As condicións de miseria e penuria eran brutais: A falta de hixiene, de protección física, o ritmo inhumano de traballo, os salarios de miseria, a inseguridade no emprego... Todo isto alentado polo exemplo revolucionario da Comuna de Paris. Todos estes factores creaban un descontento xeralizado na poboación acostumada aos disturbios e aos enfrontamentos cos corpos represivos.

A raíz da convocatoria do 1º de Maio, o Estado decide prepararse, ante un eminente conflito, dotando aos seus corpos represivos con modernas armas e infraestruturas, así como contratando a grupos privados de seguridade (Axencia Pikerton).

Isto conduce a un clima de desconfianza cara o sistema, xeralizándose unha radicalización da clase operaria, que se organizan en grupos armados para combatir aos matóns da patronal. Os Alemáns forman as milicias armadas denominadas Asociacións de Estudo e Resistencia; O Clube Inglés, formado por obreiros de fala inglesa;Os Francotiradores de Bohemia, por obreiros Checoslovacos...etc.

En E.U. prevalecía entre a clase traballadora, principalmente entre os militantes da Internacional, o ideal Anarquista pero de forma particular nesta cidade o que se coñecía como "A idea de Chicago" que defendía os actos individuais violentos, que buscaran axitación e movemento de masas. Non participaban en organización algunha, en lugar disto, chamaban á destrución pola forza da orde establecida e, se distinguían polo seu rexeitamento a transixir cos seus inimigos de clase; apoiaban a formación de grupos de acción independentes para levar a cabo a loita armada e, a libre asociación de individuos e grupos; consideraban aos sindicatos como estruturas reformistas e burocráticas inaxeitadas para a actividade revolucionaría.

Os desacordos dentro da Internacional en 1885 levou a que os anarquistas de Chicago combatiran primeiramente o acordo da Federación dos Traballadores dos E.U. e Canadá referente á folga do 1º de Maio de 1886, pero combatérono por xulgalo insuficiente e ser partidarios de ir diretamente a pola revolución, consideraban que o movemento polas oito horas non atacaba de raíz o sistema capitalista e pensaban que aínda que o sistema de oito horas establecésese, os asalariados seguirían sendo escravos dos seus amos. Máis tarde deixaron de combatelo e decidiron apoiar ese movemento xa que en palabras de Parsons:

"Primeiro porque é un movemento de clase contra a dominación, e por iso histórico, revolucionario e necesario. Segundo, decidimos non manternos apartados para que non nos malinterpreten os nosos compañeiros de traballo".

Así ían converterse en parte vital deste movemento, axuntando as forzas obreiras e axitando desde a súa prensa á opinión publica. A medida que se aproximaba o 1º de Maio a axitación ía en aumento. O primeiro conflito, (ou o máis importante) entre patróns e obreiros tivo lugar o mes de febreiro na factoría de McCornicks onde foron despedidos 2.100 traballadores por negarse a abandonar as súas respectivas organizacións.

1 de maio

Mítin 25.000 persoas; oradores: Spies, Parsons, Fielden e Schwab.

2 de maio

Mítin en solidariedade cos despedidos da factoría Mc Cormicks; oradores Parsons e Schwab.

3 de maio

Mítin perto da porta da factoría de McCormicks, orador Spies, cando este atopábase falando soa a campá da factoría e un grupo de esquiroles pretende entrar creándose un tumulto entre traballadores e esquiroles, a policía carga salvaxemente deixando tras de sí un saldo de seis traballadores mortos e gran número de feridos. Spies e Fischer no "Albeiter Zeitung", primeiro xornal de clase obreira en Chicago, de ideoloxía anarquista, mantívose activo durante un período significativo de tempo entre 1877 e 1886 ano en que foi pechado polas autoridades, as súas oficinas foron asaltadas e os seus escritos foron utilizados como únicas probas para condenar aos acusados dos sucesos de maio (o editor do xornal August Spies, o tipógrafo Adolph Fischer, o xerente Óscar Neebe e o asistente de xefe de editorial Michael Schwab). Estes publican un manifesto titulado "Circular de desquite": "Traballadores armarvos e manifestarvos con toda a vosa forza"... Esa mesma noite houbo unha reunión, na que falouse do sucedido e do que había que facer se a policía atacaba de novo. Acordouse convocar un mítin, nun lugar aberto e público ante o temor dunha emboscada policial, o parque de Haymarket, foi o sitio elixido.

4 de Maio

Mítin Haymarket, oradores: Spies, Parsons e Fielden; cando falaba este último, un destacamento de policías, fortemente armados, fixo acto de presenza e o oficial ao mando ordenou dispersarse. Cando o capitán de policía ía dar a orde de cargar contra os concentrados, unha bomba estourou nas súas filas, un policía morto e ao redor de sesenta feridos. O caos apoderouse da praza e a policía comezou a disparar indiscriminadamente contra os alí reunidos ocasionando trinta e oito mortos e cento quince feridos. A consecuencia destes sucesos a represión foi brutal; peche de xornais, rexistros domiciliarios e centos de detencións. Toda aquela persoa que participara dalgún modo, incluído os oradores foron encarcerados. A prensa burguesa comezou a falar de "Dinamarquistas", sindicatos como "Kinghts of labor" quitaron comunicados nos que podia lerse:

"É necesario que sexa ben sabido no mundo enteiro que nós non estamos en absoluto afiliados nin asociados, nin somos simpatizantes da banda de covardes e asasinos, degoladores e ladróns coñecida baixo o nome de Anarquistas que vagan a través do país como salvaxes criminais, espertando as paixóns de estranxeiros ignorantes que despregan a bandeira da Anarquía e provocan revoltas e sangue. Non merecen máis que ser considerados como feras".

O Estado tamén creou unha "base científica" sobre o carácter dos acusados, o estudo foi feito polo xurista Lombroso e concluía con que os anarquistas pertencen a outro tipo criminal de individuos; para esta conclusión, segundo el, analizou a fisonomía de cen anarquistas arrestados en Turín mais a dos arrestados en Chicago, atopando "abundantes probas" como a simetría facial, anormalidades craniais, mandíbulas moi anchas, anomalías dentais, das orellas, do nariz, da coloración da pel, vellas feridas, tatuaxes e, tamén anomalías psicopatolóxicas.


O xuízo

O 21 de Xuño de 1886 comeza a causa contra trinta e unha persoas por estes feitos. Aínda que finalmente quedaría reducida a oito deles: Samuel Fielden, Óscar Neebe, Michael Schwab, George Engel, Adolf Fischer, Albert Par-

sons, August Vincent Theodore Spies, e Louis Lingg...

O xuízo foi unha farsa, o fiscal como representante do Estado acusa aos comparecentes polo delito de conspiración e asasinato. A acusación baseábase en que os procesados pertencían a unha sociedade secreta que se propoñía facer a revolución e destruír por medio da dinamita a orde establecida. O 1º de Maio era o día sinalado para realizar o movemento, pero causas imprevistas impedírono. Así quedou aprazado para o 4 de Maio en Haymarket. A vasta asociación secreta denunciada era obra da Internacional... Pero o único que puido probar o representante do Estado era que os acusados eran todos anarquistas, partidarios da revolución social; pero en ningún momento puido probar a relación directa entre os acusados e a bomba arroxada. O 20 de Agosto fíxose publico o veredicto do xurado: Augusto Spies, Miguel Schwar, Samuel Fielden, Alberto R. Parsons, Adolfo Fischer, George Anxo e Luís Lingg foron condenados a morte; Oscar W. Neebe a reclusión por quince anos. As mobilizacións de solidariedade cos acusados estendéronse por todo o mundo. Finalmente a Miguel Schwab e a Samuel Fielden a condena foi substituída por cadea perpetua e Lingg apareceu morto na súa cela. Asasinato ou suicidio?

O 11 de Novembro de 1886 fixouse o día da execución e os rumores de guerra civil estendéronse por todo o país. Planeouse asaltar o cárcere pero este plan foi freado polos propios condenados. Así ese "venres negro" como sería lembrado asasinouse a catro persoas por ser anarquistas. Sete anos despois declarábase oficialmente, como no caso Sacco e Vanzetti a inocencia dos condenados e poñíase en liberdade aos aínda presos, demostrando que o xuízo foi unha farsa na que únicamente buscábase un axustizamento político.



Unha mirada ao anarquismo autónomo e insurrecional na historia de Estados Unidos

*Escrito por I**nsurrectionary Anarchists of the Coast Salish Territories** (Vancouver, Canadá)*

*Traducido por **B.Castrón***

O anarquismo sempre foi un movemento social composto por unha variedade de perspectivas respecto da organización e a estratexia. O anarquismo autónomo e insurrecional baseado na responsabilidade individual, a organización informal, a acción directa e a loita armada, desenvolveu un papel crucial nos inicios do movemento anarquista americano.

En maio de 1885 anarquistas alemáns que vivían en Londres, crearon un grupo denominado Grupo Autónomo e comezaron a publicar o "Die Autonomie", o seu órgano de expresión. Este periodo foi unha fonte de inspiración no desenvolvemento do movemento anarquista autónomo en Chicago. Tamén en xaneiro de 1886, os anarquistas de Chicago George Engel e Adolph Fischer crearon o xornal "Der Anarchist" que foi un referente para xs anarquistas autónomxs da cidade.

Os desacordos na Asociación Internacional deTraballadores (AIT) en 1885, permitiron o xurdimento dun movemento autónomo na cidade, que se enfrontaba abertamente á "Idea de Chicago" defendida por anarquistas como Albert Parsons, un dos pais do que sería o inicio do anarcosindicalismo por eses lares. Xs autónomxs consideraban aos sindicatos como estruturas reformistas e burocráticas inaxeitadas para a actividade revolucionaria.

Xs anarquistas autónomxs de Chigaco xeralmente eran traballadorxs que procedían de grupos como: North-West Side Group, The Anarchist Discussion Club, The South West Side Group Number 3, The Socialistic Male Chorus of the South West Side, e a segunda, e terceira compañía de Lehr-und-Wehr Verein ("Centro para o Ensino e a Defensa", unha milicia de traballadorxs armadxs da que Fischer foi membro).

Xs autónomxs chamaban á "completa destrución pola forza, da orde establecida " e distinguíanse polo seu rexeitamento para transixir cos seus inimigos de clase. Elxs non mandaban delegadxs ao Comité Xeral dos Grupos de Chicago, e aínda que Fischer era militante de base do Sindicato de Tipógrafos alemáns, xs autónomxs non participaban oficialmente en organización algunha. En lugar diso, apoiaban a formación de grupos de acción independentes para levar a cabo a loita armada e a libre asociación de individuos e grupos. O xornal "Die Anarchist" non tiña editora, só contaba cunha direción para comunicados. Os eventos culturais anarquistas xogaban un papel importante no movemento.

A actividade dxs autónomxs correspondíase co espírito do radicalismo da clase traballadora que existía en Chicago nese tempo. Xs traballadorxs, empregadxs e desempregadxs, enfrontáronse coa policía durante as folgas e os disturbios do pan, incluíndo a folga do ferrocarril en 1877, a primeira folga xeral salvaxe da historia dos Estados Unidos.

A brutal represión policial e as numerosas mortes, levaron xs traballadorx a formar milicias armadas para defenderse. Grupos como Lehr-und-Wehr Verin, Jaeger Verein, Bhoemian Sharpshooters e Irish Labor Guards enfrontábanse con rifles, vestían uniformes e marchaban a tráves das rúas durante a celebración da comuna de París.

Despois dos enfrontamentos de Haymarket ocorridos o 4 de Maio de 1886, George Engel e Adolph Fischer foron arrestados, xulgados e sentenciados a morte. "Ningún poder sobre a terra poderá roubar á clase traballadora o seu coñecemento na fabricación de bombas, coñecemento que eles posúen" dixo Engels na súa declaración no xuízo. A loita dos Mártires de Haymarket inspirou a unha nova xeración de anarquistas.

Emma Goldman foi unha desas anarquistas. En 1890 atopouse co grupo Autónomo en New York, despois de que se trasladasen a esta cidade desde Londres, Goldman comezou a ler "Freiheit" publicado por Johann Most, posto que incidía na independencia dxs individuxs e os grupos.

Tamén entre xs anarquistas italianxs emigradxs a Estados Unidos, comezou a emerxer un movemento insurrecional. En 1898, Giuseppi Ciancabilla trasladouse a Paterson, New Jersey, tras formar parte na loita armada en Grecia, escapando a Italia e tras ser expulsado de Suíza e Francia por resultar un "anarquista perigoso". En Paterson, escribiu para o xornal anarquista "A Questione Sociale". Despois trasladouse a West Hoboken, creou o xornal "L´Aurora" e traduciu o clásico de Kropotkin (A conquista do Pan) ao italiano. Os últimos anos da súa vida viviunos en San

Francisco, onde editou o xornal "Protesta Humana".

Ao longo da actividade que desenvolveu en América, mantivo unha loita anarquista baseada na organización informal. "Nós non creamos programas fixos, nin constituímos pequenos ou grandes partidos. Unímonos espontáneamente , e non cun criterio permanente, senón en función de afinidades momentáneas para un propósito específico, e disolvemos eses grupos tan pronto como o propósito polo cal nos asociamos desaparece, e outros obxectivos e necesidades xorden e lévannos a desenvolver e buscar novas colaboracións, con xente que pense como nós nesas circustancias específicas" escribiu.

En 1901, o anarquista italiano Luiggi Galleani trasladouse a Paterson e encargouse da publicación "A Questione Sociale" (onde Malatesta tamén colaborou durante un breve periodo). Tomou parte na folga dos traballadores da seda en 1902. Acusado de "incitación aos disturbios", escapou a Canadá para mais tarde regresar aos Estados Unidos, vivindo en Varre, Vermont, baixo unha identidade falsa. Alí uniuse ao grupo anarquista Varre, constituído desde 1894 polos cortadores de pedra e mármore, e creou o xornal "Cronaca Sovversiva". Esta revista convertiuse nun punto de referencia para o movemento insurrecionalista ao longo do país, baseado no xurdimento en diferentes cidades de grupos de afinidade.

Estas organizacións informais incluían: Gruppo Autonomo do leste de Boston; o Gruppo Diritto all´Esistenza e o Gruppo L´Era Nuova en Paterson; Gruppo I Liberi de Nova Inglaterra; Gruppo Anarchicho de Youngstown, Ohio; The Francisco Ferrer Circle of Milwaukee; ou Gruppo Demolizione dos anarquistas mineiros en Latrole, Pennsylvania; Gruppo Gaetano Bresci (anarquista que asasinou ao rei Umberto I en Italia) ao leste de Harlem, na cidade de New York; Gruppo Liberta en Needham, Massachusets; Grupo Ariete de Buffalo, ou o Grupo Pro Prensa de New York; entre outros. Estes grupos considerábanse a si mesmos como anarquistas ou nalgún caso "anarquistas-comunistas" e crearon unha forma inflexible da loita baseada na autodeterminación e a acción directa.

Xs antigxs anarquistas insurrecionalistas, algunhxs con familias, que non podían formar parte directamente na loita armada xogaron un papel de apoio moi importante, abrindo as súas casas aos grupos de afinidade, fornecendo recursos e ocultando a anarquistas que atopábanse en busca e captura.

Aparte de Galleani, xs membros do movemento pertencían todos á clase traballadora. En New York había traballardorxs téxtiles e da construción. En Paterson traballaban nas fábricas de seda. En Tampa e Filadelfia fabricaban cigarros. Eran mineirxs en Vermont, Pensilvania, Ohio e Illinois, e eran camareirxs, xastres, albaneis e maquinistas en Chicago, Detroit, San Francisco e Los Ángeles.

Tamén desenvolvían unha cultura anarquista vibrante, con grupos de teatro,roteiros e merendas no campo, festivais da colleita de outono, conferencias, locais anarquistas, escolas libres... Durante esta época, contábanse perto de 100 publicacións italianas anarquistas ao longo dos Estados Unidos.

Os ben coñecidos mártires anarquistas Sacco e Vanzetti foron membros activos do movemento e escribiron para a publicación Cronaca Sovversiva.

Paul Avirich escribiu no seu libro: "Sacco and Vanzetti- the Anarchist Background" - "Ambos os homes (..) eran militantes sociais, defensores da implacable loita armada contra o goberno e o capital. Lonxe de ser os soñadores inocentes descritos polxs seus/súas defensorxs, pertencían a unha rama do movemento anarquista que predicaba a violencia insurrecional e o contraataque armado, incluíndo o uso de dinamita e o asasinato. Crían que tales actividades eran a resposta á violencia monstrosa do Estado."

Sacco e Vanzetti non se limitaron ao traballo de difusión, senón que desenvolveron papeis activos na folga de Hopedale en 1913 e na folga de Plymouth en 1916. En Plymouth, a folga espontánea estalou nunha fabrica de cordas, onde Vanzetti estivera traballando. Formou parte dos piquetes, participou nas marchas, dando discursos axs traballadorxs e escribindo sobre a súa loita en "Cronoca Sovversiva". Representantes da Federación Americana do Traballo e da IWW (industrial Workers of the World) saíron ás rúas e tentaron conseguir que xs traballadorxs se unisen ás súas organizacións.

Vanzetti e outrxs anarquistas denunciaban activamente a intromisión dos sindicatos, escribiron en Cronaca que a folga en sí mesma era a expresión elemental da loita de clases e por tanto non era un asunto de organizacións específicas. Vanzetti eloxiaba axs traballadores que se negaban a ser representadxs, e que argumentaban que un cambio significativo só podería darse se procedía da acción dxs propixs traballadorxs. Xs folguistas conseguiron un incremento salarial dun dólar.

Desde o principio da Primeira Guerra Mundial en 1914, xs anarquistas italianxs estiveran axitando en contra da guerra e publicando artigos con frases como "contra a guerra, contra a paz, pola revolución". O Acta de Rexistro Militar oficiouse e maio de 1917, e perto de 60 anarquistas italianxs, incluidxs Sacco e Vanzetti trasladáronse a Monterrey, México para non rexistrarse. Alí pasaron a maior parte do tempo planificando e adestrándose para a loita armada. En novembro regresaron a EE.UU.

Ao voltar, xs anarquistas italianxs sufríron unha gran represión policial despois do ataque a un mitin prol-americano nunha pequena cidade e fixesen estourar unha bomba nunha comisaría de policía. Ella Antolini foi arrestada mentres transportaba dinamita nun tren. Foi detida e negouse por completo a colaborar coas autoridades ou dar calquera tipo de información, así que foi enviada a prisión, onde se atopou e estableceu amizade con Emma Goldman.

Sacco e Vanzetti foron arrestados, xulgados e executados, pero os anarquistas insurrecionalistas non se rendiron fronte á represión, senón que levaron a cabo unha escalada de accións en represalia contra xs principais capitalistas.

-Para mais información consultar os libros "The Haymarket Tragedy" e "Sacco and Vanzetti" de Paul Avric. Fornecen unha información excelente, detallada e non-dógmatica da actividade dos anarquistas neses tempos.





Unha crítica aos métodos sindicais

*Anacos do libro **"Unha crítica dos métodos sindicais"**, de **Alfredo María Bonanno.***

Foi Sorel quen, quizais involuntariamente, teorizou o sindicalismo revolucionario. A folga xeral usaríase como un mito que ocupase o lugar dos mitos do progreso, a igualdade e a liberdade: unha perspectiva final que ía coincidir coa revolución. Pola contra, a folga limitada sería vista como un "exercicio revolucionario". A elite revolucionaria ía usar este exercicio para dirixir ás masas á rebelión contra o Estado, partindo de reivindicacións e procedendo, gradualmente, á construción da nova sociedade a partir do modelo sindicalista.

Permítasenos comezar coa Carta de Amiens, punto de referencia constante do sindicalismo revolucionario. (...)

Neste texto establecéronse tanto os principios do apoliticismo sindicalista como os principios da loita contra os patróns pola abolición dos salarios. (...)

O elemento esencial no sindicalismo anarquista era o concepto da acción directa, unha consecuencia lóxica do seu ser apolítico (no sentido do partido) e da espontaneidade da organización sindical. Os erros, debemos atopalos nesta última parte. A organización sindical non pode basearse na espontaneidade de masas máis do que pode o partido político, mesmo se se define a sí mesma como "revolucionaria". Da mesma maneira, ela non pode permanecer á marxe das vicisitudes da política de partido e, máis pronto ou máis tarde, acaba sentindo a súa influencia. Por último, na perspectiva da estrutura sindical o problema da acción directa transfórmase, dun medio de loita en mans da base, nun medio para instrumentalizar a esta última.

Esta foi a significación do "mito" soreliano da folga xeral, unha trasposición efectiva dun concepto político no campo da loita obreira. Todo o que xorde deste campo pode ser producido ou pola base (a acción directa, a espontaneidade, as organizacións dos produtores), ou polo sindicato (os delegados, os comités, as peticións oficiais, a negociación, as folgas dispersas... ata a folga xeral). A diferenza é esencial.

O erro fundamental do sindicalismo revolucionario é claramente visible nas palabras de Griffuelhes:

"A acción directa é unha práctica que crece a diario. Consecuentemente, nunha certa fase do seu desenvolvemento xa non será posible chamala acción directa, será unha explosión xeralizada que chamaremos folga xeral e que concluirá nunha revolución social."

Do mesmo xeito, Aristide Briand:

"...A revolución? Unha alternativa? Unha analoxía? A tendencia é a unha identidade da folga xeral coa revolución. Este é o mito da subversión pacífica, instantánea, realizada a través da suspensión universal e simultánea do traballo." (...)

Xa non hai alternativa, senón analoxía; ruptura violenta (no caso dos anarquistas como Griffuelhes) ou pasaxe pacífica (os reformistas como Briand), nada cambia. Nesta perspectiva, o sindicalismo convírtese nun fin en sí mesmo. Moitos militantes anarquistas, capaces como Pouget de facer unha distinción precisa entre anarquismo e sindicalismo, xa non o son despois dalgúns anos, cando se converten en meros sindicalistas, sen sabelo ou sen querelo.

Na nosa opinión, os anarquistas deben recoñecer que non é necesario chamar á destrución das organizacións sindicais; pero isto non debe levar á conclusión -excesivamente fácil- de que poden traballar dentro destas últimas para preparar camaradas para a revolución. O salto cualitativo é radical, e non deixa espazo para as gradacións cuantitativas. Neste sentido, Malatesta, que viviu a experiencia do fascismo e da incapacidade dos sindicatos para confrontalo, está mellor orientado:

"O sindicato é reformista por natureza... O sindicato pode xurdir cun programa revolucionario ou anarquista, e isto é o que ocorre normalmente. Pero a lealdade a este programa só dura mentres tanto é débil e impotente, un mero grupo de propaganda. Canto máis atrae traballadores e fortalécese, menos é capaz de manterse fidel ao programa inicial, que non se convirte en máis nada que nunha fórmula baleira." (1925)

"Sería unha gran e fatal ilusión crer, como fan moitos, que o movemento obreiro pode e debe, en sí mesmo pola súa propia natureza, conducir á revolución. De aí a necesidade imperativa de organizacións realmente anarquistas para loitar, tanto dentro como fóra dos sindicatos, pola realización total do anarquismo, procurando esterilizar todos os xermes de dexeneración e de reacción." (1927)

Como xa dixemos, consideramos un erro falar dunha dexeneración no sindicalismo. Frecuentemente as críticas dos vellos militantes conteñen este aspecto; lembran os tempos mellores, cando as relacións de produción daban cabida a discusións revolucionarias dentro da estrutura sindical, e compáranos co presente, onde a natureza do poder económico racionalizouse, rebaixando isto ata a decadencia do sindicalismo.

"A C.G.T. francesa afundiuse baixo o reformismo, convertiuse nun dente da engrenaxe do goberno e reduciu a cinzas o seu respaldo á revolución. Cada vez que os obreiros miran aos homes que encarnan o réxime capitalista, ven aos seus propios dirixentes xunto a eles. O que é esencial para nós da Carta de Amiens é o noso concepto do sindicalismo: o gran artesán da revolución capaz de facelo todo e, se é posible, de organizalo todo ao día seguinte da revolución." (Monatte)

A crítica desenvólvese, pero a ilusión persiste. É o mesmo argumento que os "reformistas" da Federación Anarquista Francesa están a propoñer hoxe:

"Para nós os anarquistas non é unha cuestión de compromiso ou de manobras políticas, nin aínda de posicións a gañar. Os sindicalistas da federación anarquista deben dicir, simplemente, mesmo se son os únicos en dicilo (poida que sexa preferible que sexan eles os únicos), que o sindicalismo se está movendo nunha dirección perigosa e que, baseándose nos principios, a historia e a evolución económica dos tempos, das dúas grandes tendencias que existen hoxe no movemento obreiro eles están a favor da revolucionaria que, como declara a Carta de Amiens, aspira á << supresión do sistema salarial»." (M. Joyeux)

Na nosa opinión, a única maneira de formar militantes revolucionarios reais é construír métodos de loita que poidan desenvolverse activamente partindo desde a base dos traballadores. Isto tamén quere dicir ensinar as dificultades, aproximacións, e principalmente as limitacións obxectivas, que a actividade "anarquista" atopa dentro das organizacións sindicalistas. Non é verdade que o sindicalismo sexa a gran universidade popular que leva a obreiros a entender os seus problemas ou, se ese xa non é o caso, que deban facerse todos os esforzos para que así sexa. Esta é unha vella ilusión que pode conter un grao de verdade no pasado, pero que é completamente inservible no que concerne aos problemas actuais.

A un nivel operativo, as ideoloxías sindicais reformista e revolucionaria son máis ou menos a mesma. Ambas loitan pola preservación da estrutura sindical antes que calquera outra cousa. En caso contrario, o problema non existiría. Os reformistas loitan por conquistas limitadas (salarios e regulacións) porque isto habería de conducir a unha socialización progresiva dos medios de produción, ata a súa completa socialización nunha coexistencia pacífica. Os revolucionarios loitan por ganancias limitadas (salarios e regulacións), porque isto convértese nunha escola para a revolución e porque a folga é unha preparación (un adestramento) para a suspensión xeral do traballo que se identifica coa revolución. En realidade, ambos están a loitar por reivindicacións limitadas e fano nunha organización moi precisa, máis ou menos piramidal, que ten as súas propias normas, sendo a esencial delas a súa propia supervivencia como organización.

"A clase obreira debe mirar máis aló do capitalismo, mentres que o sindicalismo está totalmente confinado dentro dos límites do sistema capitalista." (Pannekoek)

É importante sinalar aquí que o teórico dos consellos obreiros vía claramente a natureza intrínsecamente reformista da organización sindical, e non tiña ilusións sobre o potencial revolucionario ou calquera outro de tales reclamos.

"En lugar de dirixentes ou cadros omnisapientes, nós propoñemos o concepto de "animadores políticos" capaces de propoñer iniciativas para estimular o desenvolvemento do individuo e para axudar a coordinar estas iniciativas, poñendo deste xeito en movemento forzas insospeitadas ata agora". (Ouvrier face aux appareils -O obreiro fronte aos aparellos-).

Pero isto non xorde da organización sindical. Esta figura política é moi diferente da dun axitador sindical, agora un delegado privilexiado ou un burócrata asalariado. O cambio na figura humana ou social vai acompañado por cambios nos resultados da acción que cumpren dentro do movemento obreiro. Obviamente, este activista debe traballar na dirección das necesidades dos traballadores. Non pode colocarse nunha actividade autodeterminante, creando problemas que non existen ou magnificando os existentes para o só fin de perpetuarse a sí mesmo. É máis, é a dinámica da acción directa a que move a realidade dos traballadores nunha dirección diferente á “consagrada” polo sindicato.

“Son anarquista antes que calquera outra cousa, logo sindicalista; pero penso que moitos son sindicalistas primeiro, logo anarquistas. Hai unha gran diferenza... O culto do sindicalismo é tan daniño como o do Estado: existe e ameaza con crecer día a día. Realmente parece que os homes non poden vivir sen a divindade; non pasa moito tempo desde que destruíron unha ata que outra aparece.” (F. Domela Nienwenhuis)

Máis alá do obreirismo, máis alá do sindicalismo

O fin do sindicalismo corresponde ao fin do obreirismo. Para nós este é tamén o fin da ilusión cuantitativa do partido e da organización específica de síntese.

A revolta do mañá debe procurar novos camiños. O sindicalismo está en declive. Para o bo como para o malo, con esta forma estrutural de loita está a desaparecer unha era, un modelo e un mundo futuro comprendidos en termos dunha reprodución mellorada e corrixida do vello.

Estamos a movéndonos cara a novas e profundas transformacións. Na estrutura produtiva, na estrutura social. Os métodos de loita, as perspectivas, incluso os proxectos a curto prazo están tamén transformándose.

Nunha sociedade industrial en expansión, o sindicato desprázase de instrumento de loita a instrumento de apoio á estrutura produtiva mesma. O sindicalismo revolucionario tamén tivo o seu papel: impulsando aos obreiros máis combativos cara adiante, pero, ao mesmo tempo, empuxándoos cara atrás, en termos de capacidade de formular a sociedade futura ou as necesidades creativas da revolución. Todo seguiu parcelado dentro da dimensión da fábrica. O obreirismo non é só común ao comunismo autoritario. Singularizando áreas privilexiadas do enfrontamento de clases, é aínda hoxe un dos hábitos máis enraizados e difíciles de abandonar.

É o fin do sindicalismo, por conseguinte. Levámolo dicindo desde fai uns cantos anos. Nun momento dado isto provocou críticas e asombro, especialmente cando incluímos ao anarcosindicalismo na nosa crítica. Hoxe, esa crítica acéptase con maior facilidade. Básicamente, quen non critica hoxe aos sindicatos? Ninguén, ou case ninguén. Pero unha conexión pásase por alto. A nosa crítica ao sindicalismo era, tamén, unha crítica do método “cuantitativo”, que ten todas as características do embrión de partido. Era tamén unha crítica das organizacións específicas de síntese. Era tamén unha crítica da respectabilidade de clase, tomada en préstamo da burguesía e filtrada a través dos clixés da chamada moral proletaria. Todo iso non pode ignorarse.

Se moitos camaradas están hoxe dacordo connosco na nosa crítica -agora tradicional- do sindicalismo, aqueles que comparten a visión de todas as consecuencias a que dá lugar non son máis que uns poucos. Só podemos intervir no mundo da produción usando medios que non se sitúan na perspectiva cuantitativa. Non poden, por tanto, esixir ter a organizacións anarquistas específicas detrás deles traballando sobre a hipótese da síntese revolucionaria.

Isto lévanos a un método diferente de intervención, o da construción de “núcleos” de fábrica ou de “núcleos” de zona, que se limitan a manterse en contacto cunha estrutura anarquista específica, e que están exclusivamente baseados na afinidade. É a partir da relación entre o núcleo de base e a estrutura anarquista específica que emerxe un novo modelo de loita revolucionaria, para atacar as estruturas do capital e o Estado a través do recurso aos métodos insurrecionais.

Isto permite un mellor seguimento das profundas transformacións que están a ter lugar nas estruturas produtivas. A fábrica está a piques de desaparecer, novas organizacións produtivas están tomando o seu lugar, baseadas principalmente na automatización. Os obreiros de onte serán parcialmente integrados nunha situación de apoio ou, simplemente, nunha situación de seguridade social a curto prazo; a longo prazo, de supervivencia. Novas formas de traballo aparecerán no horizonte. Xa non existe a clásica fronte obreira. Así mesmo tampouco o sindicato, como é evidente. Polo menos, xa non existe na forma en que o coñecíamos ata agora. Convertiuse nunha empresa como calquera outra.

Unha rede de relacións crecentemente diferentes, todas baixo a bandeira da participación, o pluralismo, a democracia, etc., estenderánse sobre a sociedade freando case todas as forzas de subversión. Os aspectos extremos do proxecto revolucionario serán sistemáticamente criminalizados.Pero a loita tomará novos camiños, filtraráse cara a mil novas canles subterráneas que emerxerán en cen mil estoures de rabia e destrución, cunha nova e incomprensible simboloxía.

Como anarquistas, debemos ter coidado, xa que somos portadores dunha -a miúdo pesada- hipoteca do pasado, de non permanecer distanciados dun fenómeno que non terminamos de entender, e cuxa violencia podería un bo día asustarnos mesmo. E, no primeiro caso, debemos ter coidado de desenvolver plenamente a nosa análise.

Rematando coa sociedade industrial e as ilusións da esquerda.

*Por **Grupo LIBELUDD (Libertarios, Ludditas).*** Grenoble, 12-10-2010

Millóns de persoas nas rúas. Chamamentos á folga indefinida. Portos bloqueados desde hai dúas semanas. Refinerías en folga anunciando unha próxima escasez de carburante. Miles de estudantes de ensino medio bloqueando os seus liceos. O cabreo xeneralízase e o movemento contra a reforma das xubilacións toma cada vez máis forza. Por todas partes esténdese a sensación de que nos estamos xogando algo decisivo. Nós formamos parte deste movemento e solidarizámonos coas persoas que loitan contra a reforma da xubilación e a explotación en xeral. É lexítimo que as persoas que traballaron toda a súa vida néguense a reengancharse por dous anos suplementarios. Este rexeitamento está tanto máis xustificado cando a repartición da riqueza que uns poucos posúen podería permitir a todos ter unha vida e unha xubilación decentes.

Doutra banda, unha gran parte do discurso que esgrime a esquerda e os opositores á reforma parécenos no mellor dos casos unha ruela sen saída, e no peor claramente perigosa. En efecto, non hai loita posible contra a reforma da xubilación se non se rexeita a robotización das nosas vidas, e se non se sae do dogma do crecemento e do emprego custe o que custe. É soamente tendo en conta estas críticas que pode emerxer un movemento con verdadeiras perspectivas.

Cando os robots fan que o humano sexa inútil...

Desde hai varias décadas, as máquinas e os computadores foron suprimindo cada vez máis o traballo humano. Grazas ao progreso da ciencia e a tecnoloxía, e sobre todo á achega dos laboratorios do INRIA (Instituto Nacional de Investigación en Informática e Automática) no CEA-Minatec de Grenoble, ou de STMicroelectronics e IBM, a acumulación de capital require a explotación dun número moito menor de seres humanos que antes. Ademáis de ser máis produtivos, os robots teñen a inmensa vantaxe de que non fan folgas, e tampouco necesitan xubilarse. Para que todos nos decatemos, a exposición que organizou ata o 31 de decembro o Musée Dauphinois de Grenoble á maior gloria de Vaucanson e o home artificial, expón xustamente a pregunta de “Por que fai falta substituír ao home polas máquinas?”

O capitalismo non pode crear empregos dabondo para todos. Despois dos obreiros e dos empregados de correos, de tren, de comercio ou dos bancos, agora chegoulle a quenda aos profesores de converterse en obsoletos. Tamén a escola será dixital, para maior beneficio das multinacionais da informática e maior desgraza da educación e da saúde mental dos nenos. Nin sequera nos servizos persoais os humanos líbranse de ser substituídos por robots. En Isère, o programa Empatic ofrece aos anciáns un sistema de videovixiancia: grazas aos sensores electrónicos xa non é necesaria a presenza humana. Viva a xubilación!

... facerse explotar convírtese nun “privilexio”.

É evidente que os robots estannos substituíndo. O problema é que seguimos estando máis ou menos obrigados a traballar. Sen traballo, non hai salarios, e a neveira baléirase. Todos os humanos refugados polas máquinas non cotizarían dabondo para poder xubilarse. Chegamos por tanto ao momento en que conseguir vender a nosa forza de traballo a unha empresa chegou a ser un privilexio. Pero que tipo de privilexio? Os empregos que aínda crea penosamente o capitalismo son cada vez máis baleiros e desconectados das nosas necesidades fundamentais, e os traballadores ficaron reducidos a non ser senón os auxiliares dos computadores, meras en-

grenaxes dentro da maquinaria industrial. A produtividade ten que aumentar sen cesar, e por tanto as persoas que traballan vense obrigadas a traballar cada vez máis, e máis rápido, e con maior eficacia.

Excluídos e inútiles, ou explotados e angustiados. Isto é ao que fomos reducidos. Non hai solución ao problema da xubilación ou do paro sen saír do capitalismo e da sociedade industrial. Canto tempo creedes que o sistema cargará cunha man de obra inútil?

A solidariedade non se basea no crecemento!

Para xustificar a reforma das pensións, a dereita explícanos que "hai menos traballadores activos e máis persoas inactivas, polo que é normal traballar máis tempo para pagar a xubilación", ao que os economistas da esquerda e a extrema esquerda contestan que "mesmo cun crecemento inferior ao 2%, o produto interior bruto dobrarase de aquí a 40 anos, polo que se podería dedicar unha partida orzamentaria máis grande ao financiamento das pensións, sen que os asalariados teñan que facer ningún esforzo suplementario".

Para a esquerda, o problema é pois simplemente un problema da repartición dos froitos (podres) do crecemento. Coma se as pensións, e por tanto a mesma solidariedade humana, baseásense tan só no crecemento económico. É absolutamente necesario rematar coa ideoloxía do crecemento. Contar con que a producción se duplique de aquí a 40 anos é unha aberración. O noso medio ambiente non sobreviviría a tal desastre ecolóxico, por non falar da degradación da vida en sociedade. Porque producir máis quere dicir producir cada vez máis ordenadores, televisións de pantalla plana, teléfonos móbiles e outros dispositivos high-tech que embrutecen, individualizan e terminan por destruír toda relación verdadeira entre nós (cantos amigos virtuais tedes en Facebook?).

Hai oficios idiotas

O segundo argumento da esquerda contra a reforma das xubilacións consiste en rexeitar a prolongación do período de cotización porque sería un freo ao emprego xuvenil. Que empregos? E a que necesidades respostarían tales empregos? Iso non ten ningunha importancia porque o que conta é atoparlles un emprego. É necesario saír desta lóxica do emprego custe o que custe, en primeiro lugar porque xa non hai traballo para todos (véxase máis arriba), e despois porque isto equivale a defender empregos que perxudican ao resto da sociedade. Pero non hai por que avergoñarse de non ter "traballo" na forma en que o entende esta sociedade, é dicir, un traballo que se fai só para gañar diñeiro sen ningunha preocupación polo seu contido. É moito máis digno non traballar antes que ser banqueiro, militar, investigador das nanotecnoloxías ou xornalista de Daubé. Con todo, non queremos pasar a nosa vida sen nada que facer, pero queremos un traballo libremente elixido, enriquecedor e que consideremos útil. Por iso preferimos entón falar de actividade.

Por onde comezamos?

Nun primeiro momento, hai que organizarse desde a base para conseguir a retirada da reforma. Desconfiar dos sindicatos que nos abandonarán en canto teñan a ocasión, e dos socialistas que non retirarán a reforma se son elexidos en 2012. Deter as mobilizacións puntuais para construír un movemento sólido e continuo. Paralizar os centros económicos, científicos e políticos. Aproveitar estas loitas para atoparnos, discutir, intercambiar. Tomarnos o tempo de reflexionar e de construír solidariedades. Organizarnos para impedir toda volta á normalidade. Pechar as fábricas e os laboratorios que nos danan. Producir colectivamente todo o que necesitamos para vivir, sen recorrer á maquinaria industrial.

Inutilizar este sistema que nos volve inútiles...



Reseñas

Queremos Tudo!!

Oferecemos um extracto do livro "Queremos tudo" (1971), novela de Nanni Balestrini onde narra a história dum jovem qualquer do Sur de Itália, que nos frenéticos anos 60, emigra do seu povo do campo do sul até Turin, onde afronta-se à vida e a sua cara mais vil: o trabalho, afrontando-o com visceralidade e irremediável ódio, e onde, entroutras coisas, da conta das luitas nas fábricas da FIAT e critica, por suposto aos empresários, aos jornais burgueses e mesmo aos sindicatos e partidos da esquerda:

"Companheiros depois de todas estas semanas de greve nas que pusemos de jeonlhos ao patrom, dim-nos que nom temos que exagerar. Dim-no-lo os sindicalistas na fábrica, dim-no-lo os jornais afora. Que se as cousas seguem assim terminarám numha crise que este descenso da produçom arruina a economia italiana. E depois acabaremos estando pior do que antes, que haverá paro e fame. Pero a mim nom me parece que as coisas estejam indo assim. Digamos além, que, como disse o companheiro fai um anaco, que se a economia dos patrons cae em picado a nós nom nos importa propriamente nada. É mais alegra-nos.

Tudo isto é certo pero há algo mais. E é que a nós nom nos importa nada porque sabemos que, até que nom mude tudo, sempre seremos quem estejamos pior. Acaso nom somos nós quem siempre temos pagado o preço mais alto em todas as luitas? Companheiros: Eu som de Salerno, fiz todo tipo de trabalhos tanto no Sur como no Norte e comprendim que o operário só tem duas possibilidades: ou um trabalho massacrante quando as coisas vam bem ou o paro e a fame quando vam mal. Nom sei moi bem qual das duas é pior. Em qualquer caso nom é o obreiro quem pode decidir sobre isto, senom que é sempre o patrom quem decide.

É inútil entom que, quando nos cabreamos porque já nom podemos mais, nos venham logo a suplicar que voltemos ao trabalho. Venhem-nos com questonamentos morais, de que se somos um só pais com um só interés geral, que cada quem tem a sua funçom e um deber e esse tipo de cousas. Venhem com a velha história de que o estómago nom pode comer se os braços nom trabalham e que assim tudo o corpo morre. Pedem-nos, ameaçam-nos com que voltemos a trabalhar porque senom será pior também para nós. Pero as cousas nom som assim, porque, como disse antes, entanto eles tenham o poder, com esta gente morreremos sempre nós e em qualquer caso, tanto se trabalhamos como se nom.

Nom caiamos mais nesta trampa, nom formamos parte dum mesmo corpo. Nom temos nada em comum, somos dous mundos diferentes, somos inimigos e ponto. A força mais grande da que disponhemos é precisamente o feito de ter-nos convencido, dumha vez por todas, de que nom temos nengum interés em comum com o trabalho dos patrons e com o Estado dos patrons. Mais bem temos intereses encontrados. Todos os nossos objectivos materiais oponhem-se a esta economia, a este desenvolvimento, estám contra o interés geral que nom é senom o do Estado dos patrons.

Agora dizem-nos que a Fiat vai abrir umha fábrica na Rússia, em Togliattigrado, e que todos teremos que ir lá a aprender como se trabalha baixo o comunismo. É que diantres nos importa isso se também na Rússia os operários som explorados polo Estado socialista em troques de polos patrons capitalistas??. Quero dizer que isso nom é comunismo, que é algo que nom rula bem. De feito, parece-me que se preocupam mais pola produçom e por ir à Lua que polo benestar da gente. Porque o benestar está antes que nada e se passa por trabalhar menos. É por esta razom pola que lhes dizemos nom aos assustados patrons que agora nos pedem que lhes ajudemos com a sua produçom. Que nos explicam que temos que participar porque a nos também nos convem.

Dizemos nom às reformas polas que nos quere fazer luitar o partido e o sindicato. Porque temos entendido que istos só servem para melhorar o sistema com o que nos exploram os patrons. Nom nos interesa ser explorados melhor com algo mais de casas, de escolas e de medicinhas. Tudo isto só melhora o Estado, o interés geral, o progresso. Mas os nossos objectivos oponhem-se ao progresso, oponhem-se ao interés geral, som nossos e ponto. Os nossos objectivos, os objectivos materiais da classe operária som inimigos mortais do capitalismo e dos seus intereses.

Começaramos esta luita reclamando mais dinheiro e menos trabalho. Agora sabemos que ésta é umha consigna subversiva que fai saltar polo ar os projectos patronais, tudo o plano do capital. Agora temos que passar da luita polo salário à luita polo poder. Companheiros rejeitemos o trabalho. Queremos tudo o poder, queremos tuda a riqueza. Será umha longa luita de anos com éxitos e fracasos, derrotas e vitórias. Pero é esta luita a que agora devemos começar, umha luita a fundo, dura, violenta. Temos que luitar para que já nom exista o trabalho. Temos que luitar pola destruiçom violenta do capital. Temos que luitar contra um Estado fundado sobre o trabalho. Digamos sim à violência obreira".

Contra o seu mundo de escravas e miseria...

Texto publicado en Francia no contexto das protestas contra a lei do traballo. Marzo 2016.

Fronte á nosa pasividade e a nosa resignación, o Estado está a preparar sempre máis proxectos desagradables e humillantes. O soño dos ricos e daqueles que aspiran a un mundo de riqueza e explotación é vernos escravizándonos sen pestañear para o seu beneficio, nós, que somos obrigadas a aceptar calquer traballo para sobrevivir. Traballando da man cos xefes, o Estado quere facernos esta "vida" aínda máis insoportable.

As varias leis que o poder busca facernos tragar apuntan a alienarnos aínda mais e obrigarnos a aceptar a fundación da súa podre sociedade baseada na explotación e a guerra de todas contra todas: entre aquelas que traballan e aquelas que non; as pobres desempregadas e aquelas sen papeis fuxindo das guerras e da pobreza, liberándose de fronteiras ultra-seguras e enfrontándose aos cans gardas do Estado. Todas estas divisións entre explotadas, un mero reflexo deste mundo-prisión competitivo polo que o Poder traballa cada día, son todas barreiras que rachar.

Fronte á humillación diaria e a miseria deste sistema, algunhas absorben montóns de drogas, legais ou ilegais, ou suicídanse para fuxir das condicións de sumisión e opresión nas que a dominación nos mantén. Con todo, a gran maioría cumpre con esta noxenta existencia lambendo o cú dos propietarios ou bebendo os seus valores (chivateo, diñeiro, propiedade, racismo etc...), outras rebélanse individualmente ou coma unhas poucas, atacando e destruíndo parte do que constitúe a riqueza dos explotadores.

Continuaremos agachándonos, seguindo coma ovellas o máis leve asubío dos sindicatos, primeiros socios (colaboradores!) do Estado, sempre negociando con que salsa seremos servidas? Marchando unha e outra vez detrás de faixas e eslógans reformistas, ao longo dunha ruta completamente trazada pola policía?

Non hai maneira de ficar no lugar, dende o noso fogar á rutina, das estacións de tranvía aos supermercados e aos centros comerciais, todo no medio dun urbanismo acuartelado baixo os ollos de policías pagados para controlarnos e arruinar a nosa existencia. Deixemos de sufrir de tranvía en tranvía diario. Bloquemolo todo.

Se nós saímos ás rúas non será só para opoñernos a unha lei que consolida as cadeas que conectan ás explotadas e oprimidas cos xefes e amos deste mundo. Nun momento no que o Poder está cubrindo todo o territorio cos seus uniformes cada vez máis fortemente armados, agora é o momento de saír ás rúas para rexeitar ser reducidas á condición de escravas.

É inútil meditar e queixarse, incluso nas nosas propias áreas ou nas redes sociais. É hora de actuar, organizarnos por nós mesmas, sempre tendo en mente facer o maior dano ao inimigo, é necesario permanecer impredecibles, espontáneas e incontrolables.

Renovemos as vellas prácticas revolucionarias que abandonamos durante tanto tempo: A folga salvaxe, o bloqueo, a sabotaxe e se cadra mais...

Ningún compromiso con aqueles que nos declaran a guerra!

... ENVOLVÁMONOS NO CAMIÑO DA REVOLTA

Rompiches dende hai tempo o teu carné sindical?

*Tirado do libro "**Da folga salvaxe á autoxestión xeralizada"** de **Raoul Vaneigem.***

En caso afirmativo, entendiches que:

a) É falso considerarse traizoado polos sindicatos. Estes constitúen unha organización separada dxs traballadorxs e que se convirten necesariamente nun poder burocrático que exércese contra elxs ao tempo que organiza o espectáculo da súa defensa.

b) Creados para a defensa dos intereses inmediatos dun proletariado superexplotado, co desenvolvemento do capitalismo, convertíronse nos axentes de cambio e bolsa titulares da forza de traballo. O seu obxectivo non é abolir a condición asalariada senón mellorala. Así pois, son os mellores servidores do capitalismo que impera, baixo a forma privada ou estatal, en todo o mundo.

c) A idea anarquista dun "sindicato revolucionario" xa significa a recuperación burocrática do poder directo que xs traballadorxs poden exercer directamente reuníndose en asambleas de consellos. Nacida dun rexeitamento do político en nome do social, volve caer na trampa da separación e dxs líderes (aínda que algúns/has delxs non queiran comportarse como xefxs).

d) Os sindicatos son a burocracia paraestatal que completa e perfecciona o poder que a clase burguesa exerce sobre o proletariado.

A columna

O 2 de maio

En 1896, xs mineirxs de Dantzig (hoxe Gdansk), Polonia, achábanse en folga de brazos caídos. Mentres a maioría dxs traballadorxs paraba pola xornada laboral de oito horas, estxs mineirxs, en reclamo dunha redución da xornada a cinco horas, marcharon o 1 de maio a ocupar os seus postos de traballo de forma ociosa por tempo indeterminado. Aínda que a ocupación foi pacífica, xs traballadorxs cercaron con explosivos a boca da mina para impedir a entrada das forzas da represión. En resposta, o 2 de maio, as tropas do exército atacaron con cañóns o lugar, cuxa entrada derrubouse, provocando a morte por asfixia de 67 mineirxs.

Ese mesmo ano, Paul Lafargue (autor do mítico libelo "Dereito á preguiza"), propuxo no parlamento francés que aquel día fose lembrado e declarado feirado oficial. Aínda que a proposta non prosperou, un grupo de disidentes da Primeira Internacional dxs Taballadorxs mencionouno novamente durante o intento de formación dunha Internacional Ociosa na cidade de Bordeaux, Francia, en 1898. Esa reunión (regada con abundante Pernod e absenta, polo que acabou disolvéndose en plena euforia etílica), onde se redactou un documento chamado "Prolegómenos para unha sociedade do ocio", propuxo, entre outras, unha consigna diametralmente oposta aos discursos de todas as organizacións de traballadorxs daquel entón:

"A CADA UN SEGUNDO AS SÚAS NECESIDADES, DE CADA UN SEGUNDO A SÚA VONTADE".

E por moción do delegado polaco Ren Kowalsky, supervivinte da matanza de Dantzig, chamouse a que o 2 de maio fose declarado "Día Internacional do Ocio".

Anónimo

Apêndices

*Tirado de **vaziaspalavras.wordpress.com***

Em nossa escravidão, vivemos a ilusão do tempo livre. Em verdade, existimos em tempo integral em função do capital, porque o suposto tempo livre que nos é concedido por nossos senhores deve, inevitavelmente, ser empregado para a recarga de energia e para os preparativos para a jornada de trabalho no dia seguinte. Nem mesmo o mundo do sono escapa a essa lógica, pois, mesmo sendo o domínio do inconsciente, a principal utilidade desse estado de inconsciência para o capital é o descanso para a recarga da bateria humana. E, mesmo assim, nossa mente é constantemente assombrada pela polícia interior, através da introjeção de todo tipo de preocupações e autorrecriminações que interiorizamos ao longo do dia por intermédio da consciência moral. Nem mesmo no sono há total desligamento da rotina exaustiva de trabalho monótono e alienante. E, no dia seguinte, somos coagidos a levantar mais uma vez para ocuparmos nossas posições como apêndices da maquinaria que constitui o aparato tecnológico da sociedade industrial. A revolta contra o trabalho deve ser total, o que pressupõe, com vistas à libertação, a subversão, em sua totalidade, do mundo do trabalho e da moralidade burguesa que o sustenta e o dignifica, juntamente com a instituição social à qual o trabalho está a serviço: a produção. Tens coragem para dizer não à tua prostituição, isto é, à compra e venda de tuas energias vitais?

abordaxe.wordpress.com

abordaxe@bastardi.net